

# **CONCELLO PLENO**

## **ACTA DE SESIÓN**

**ÓRGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2007/05  
**CARÁCTER:** EXTRAORDINARIA  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 17 de abril de 2007.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día 17 de abril de 2007 reuniuse o Pleno do Concello baixo a Presidencia do Sr.Alcalde D. Balbino E.Pérez Vacas co fin de celebrar sesión EXTRAORDINARIA e coa asistencia dos Concelleiros que á marxe se expresan:

**Presidente:**

D.Balbino E.Pérez Vacas (Alcalde)

**Concelleiros presentes na sesión:**

D.Ramón López Pérez  
D.Carlos Pérez Méndez  
D.Fernando Suárez Barcia.  
D.Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Álvarez Lastra.  
D.Santiago Fdez.Reinante Salvatierra  
D.José Carlos Rodríguez Andina.  
D.Manuel Fernández Fra  
D.Elías García López  
D.Manuel ValínValdés.  
Don José Duarte Díaz  
D.Pedro Tomás Fojo López

**Secretario:**

D.Manuel J.Díaz Sánchez

**Interventora:**

D<sup>a</sup> María José Vázquez Rigueira.

**2007/01/21.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO VIXENTE PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DE RIBADEO.-**

Aberta a sesión polo Sr.Alcalde-Presidente procédese polo Secretario municipal a dar lectura á parte dispositiva do ditame da Comisión Informativa de data 13 de abril de 2007, que se transcribe literalmente:

“De seguido pola Comisión Informativa, por dous votos a favor (dos membros presentes do grupo municipal socialista) e cinco abstencións( tres dos membros presentes do Grupo Municipal Popular e dúas dos membros presentes do Grupo municipal do BNG) dictamínase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

“ A aprobación polo Pleno municipal, de conformidade co disposto na vixente Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia a adopción, coa maioría absoluta legal preceptiva, dos acordos seguintes:

1º. A aprobación inicial da modificación puntual do PXOU de 1977 do xeito plantexado nesta proposta da Alcaldía.

2º. A exposición ao público polo prazo dun mes e a tramitación subseguinte conforme ao procedemento establecido no artigo 85 e ss. da referida Lei 9/2002.

3º. A suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas no ámbito do solo urbano afectado polas Ordenanzas de edificación pechada e pechada intensiva conforme ao disposto e cos efectos a que se refire o artigo 77 da vixente lei 9/2002.”

Por parte do Sr.Alcalde dase conta de que, neste momento, o portavoz do Grupo municipal do BNG presenta unha enmenda que dí que o Concello de Ribadeo remita á Consellería de Política Territorial a proposta de modificación puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ribadeo por ser ésta a que ten a facultade de aprobar esta proposta de xeito definitivo, e que de conformidade co disposto no artigo 85.2 da Lei 9/2002, proceda a emisión de informe previo.

Manifesta o Sr.Alcalde que lle vai pasar a palabra ao Secretario , pero que entenden que de conformidade coa normativa vixente, e en relación á enmenda, debe ser presentada por un membro que non estivera presente na Comisión informativa, e que ven firmada e asinada por Fernando Suárez Barcia, polo que rexeitan segundo a normativa vixente esta enmenda que se presenta, porque ademáis entenden que non é necesaria a aprobación por parte da Xunta , que xa se recabou información para non tratar este asunto.

Por Secretaría sinálase que a posición da doutrina sobre o particular é que o voto particular que sería o caso, non é o que se presentou , é a proposta de modificación dun ditame formulado por un membro que forma parte da Comisión informativa e deberá acompañar ao ditame dende o día seguinte ao da súa aprobación pola Comisión (e que o dí o artigo 97.4 do ROF).

En consecuencia unicamente poderán formular votos particulares os membros da Corporación que houberan asistido á reunión da Comisión, que disintan do ditame emitido por aquela e que non se conformen con pedir que conste o seu voto en contra senón que decidan formular voto particular; en realidade a única diferenza do voto particular e da enmenda, é que esta procede ou emana dun membro que non pertence á Comisión informativa do asunto de que se trata e que non dispón polo tanto da posibilidade de introducir no ditame de referencia o seu voto disidente.

O Sr.Suárez Barcia di que, polo tanto , que sexa a Concelleira Sra.Álvarez Lastra que non formaba parte da Comisión , e que se ela quere o lerá de viva voz asumindo integramente o contido de todo isto.

O Sr.Alcalde dille que considera que se trata dun procedemento irregular , que está presentada conforme a acaba de entregar o Sr.Suárez Barcia , firmada por ese Concelleiro , e que como Presidente da Corporación acaba de manifestarse no sentido de que non se pode debatir esta enmenda, e que entre outras cousas polo que se acaba de ler , e en segundo lugar porque non procede informe previo por parte da Consellería.

O Sr.Suárez Barcia manifesta que considera que é un dereito expoñelo por parte da Concelleira e que debe dársele dereito de audiencia, e que será a resolución e a motivación de cada grupo a que decidirá o que rematen por facer, pero que non lle parece adecuado.

O Sr.Alcalde reitera que non vai someter a votación a enmenda, polo que acaba de dicir.

De seguido ábrese un turno de intervencións que comeza pola do sr.Alcalde -Presidente que manifesta que vai ler de que trata a modificación e referirse ás consultas formuladas á Dirección Xeral de Urbanismo.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que o que se pretende con esta modificación puntual, e que coñecen todos os grupos políticos, refírese a que entenden que o Plan en vigor foi aprobado por resolución da Comisión Provincial de Urbanismo de 14 de marzo de 1977 e que transcurridos polo tanto trinta anos dende a súa aprobación. E iste feito xunto cos efectos da Sentencia que anulou o Plan Xeral de 1993 e a vixencia que se produciu nembargantes deste Plan entre 1993 e o ano 2002 , data da referida sentencia, supón unha dificultade de conciliación entre as determinacións de ambos planeamentos e a realidade. Que entenden que se evidencia unha problemática que se pode resumir nos seguintes puntos: a problemática nas cubertas dos inmobles e que a regulación prevista no apartado 7.3.7 de normas xerais de volume do PXOU para os áticos de 3,50 mts., inicialmente provoca unha pendente inadecuada para evacuación das augas.

Interrompese o Sr.Alcalde, toda vez que soa o timbre dun teléfono móbil no salón de sesións e pide que durante a sesión se apaguen os teléfonos móbiles do público asistente e dos concelleiros por suposto.Da as gracias o Sr.Alcalde por elo.

Toda vez que un membro do público está a falar por teléfono por parte do Sr.Alcalde pídesse por favor que a persoa que estea falando por teléfono que abandone a sala, se é tan urxente esa conversación e senón repite, que agradecería que se mantiveran os móbiles apagados mentres dure a sesión, e reitera as grazas.

Continúa o Sr.Alcalde facendo referencia á problemática das cubertas dos inmobles e que entenden que os 3,50 mts., inicialmente provocan unha pendente inadecuada para a evacuación das augas, obrigando ao levantamento da cumbreira se se pretende facilitar a referida evacuación .

Refírese o Sr.Alcalde a que no Plan Xeral de 1977 as condicións de volume da edificación pechada afectan nesta modificación a dúas ordenanzas, a 2ª de edificación pechada intensiva no apartado 7.6.2.3. contén un ancho de rúas que fixa a altura máxima e o número máximo de plantas permitido que van dende 8 a 4 plantas; que na Ordenanza 3ª apartado 7.6.3.3. que contén unha relación de rúas cunha altura máxima e cun número de plantas que vai dende 7 plantas ata 5 plantas e unha remisión xenérica as restantes rúas , cunha altura máxima de 10 mts.e 3 plantas; que esta resulta regulación específica coherente co casco urbano existente no ano 1977 carece de vinculación coa realidade actual e esa relación nominativa de rúas que existen, non ten en conta a existencia de rúas novas aperturadas posteriormente ata o ano 2002.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que no que atinxe ás rúas do casco antigo que foi declarado zona BIC por Decreto da Xunta, é necesaria a solicitude a Patrimonio para a licenza cando con esa declaración debía ser suficiente.

Prosegue sinalando que coa presente modificación puntual do planeamento se pretende a consecución dos seguintes obxectivos concretos:

1º. A resolución da problemática das cubertas dos edificios facilitando a evacuación das augas con cubertas de pizarra.

2º. Unha redución do número de plantas en edificación pechada respecto ao Plan de 1977 regulando de modo xenérico por o ancho das rúas e sen mención nominativa a altura máxima e número de plantas que correspondan baixo un criterio racional e obxectivo.

3º. Adoptar unha regulación provisional que favoreza a transición entre o Plan vixente de 1977 o Plan de 1993 que rexiu entre 1993 e 2002 e a regulación do novo Plan Xeral actualmente pendente de aprobación inicial para que poida efectuarse xa dende unha proposta que non se vexa lastrada polo modelo urbanístico anterior, evitando que os elementos puntuais non obriguen a unha continuidade na configuración definitiva deste instrumento urbanístico.

4º. Recoller a declaración de zona BIC efectuada por Decreto da Xunta no ano 2004.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que as ordenanzas ás que vai afectar esta modificación son as seguintes:

Ordenanza 1 do núcleo antigo, ordenanza 2 de edificación pechada intensiva e ordenanza 3 de edificación pechada.

Por parte do Sr.Alcalde maniféstase que como consideración final que tamén está no documento entregado aos grupos municipais, respecto ao proxecto, que entenden que segundo os informes tanto de Secretaría como do Arquitecto, reúne os requisitos necesarios para a súa tramitación como modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ribadeo, xa que se axusta ao informe emitido pola Dirección Xeral de Urbanismo, e contén memoria xustificativa da modificación, estudo comparativo das modificacións propostas e réxime urbanístico regulador mediante a adaptación das tres ordenanzas que se mencionaron , ordenanzas 1 , 2 e 3 , así como a modificación da altura da edificación nas normas xerais de volume.

Por parte do Sr.Alcalde maniféstase a continuación que no que atinxe á conveniencia e oportunidade da modificación de que sexa hoxe cando hai que traer a Pleno esta proposta, a Alcaldía e os servizos técnicos e xurídicos da Corporación dende agosto de 2006 estiveron evacuando consultas coa Dirección Xeral de Urbanismo a raíz das cales recibíuse o escrito que procede a ler o Sr.Alcalde datado en Santiago de Compostela o 9 de marzo de 2007 e que di: *“ en relación coa consulta elevada polo Concello de Ribadeo sobre a viabilidade dunha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1977, compre indicarlle o seguinte: Toda modificación puntual debe fundamentarse en razóns de interese público, conforme ao artigo 94.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e protección do Medio Rural de Galicia. Por tanto, na memoria xustificativa do proxecto que se elabore, debe quedar expresada, cal ou cales das finalidades ás que fai referencia o citado artigo son as que motivan a modificación.*

*As cuestións de fondo que expresa o escrito de consulta refírense todas elas a aspectos concretos da ordenación física en solo urbano (altura do cumio de cuberta, regulación das alturas edificables e a súa relación co número de plantas), que quedan por tanto nun nivel propio das competencias municipais relativas á definición do modelo urbanístico.*

*En base ás anteriores consideracións , e atendendo aos datos achegados polo Concello non se aprecia ningún problema para a tramitación da modificación puntual. Lémbrolle ademais que no caso de que se dean os supostos a que se refire o artigo 93.4 da Lei 9/2002, non será preceptivo obter o informe previo a aprobación inicial ao que fai referencia o artigo 85. 1 da devandita lei 9/2002.”*

O Sr.Alcalde intercala no texto , ao lelo, a mención a que a aprobación municipal é previa á necesaria por parte da Xunta de Galicia, deste acordo plenario, se se produce.

O Sr.Alcalde manifesta que cree que se atopan no último suposto do expresado polo Sr.Director Xeral (artigo 85.1 da Lei 9/2002), e que xa o manifestaron na Comisión Informativa que tivo lugar o venres pasado , que o Partido Socialista facendo uso, cree, da responsabilidade que ten adxudicada nesta Corporación xa se manifestou a favor desta proposta que entenden de xustiza , porque vai arranxar a indefensión e sobre todo en canto á situación actual do que hai, de moitos veciños aquí presentes afectados debido a regularización de alturas existentes a través da modificación polo ancho das rúas, e vai solucionar non so o tema dun edificio en concreto que ao longo deste mandato construíu unha planta de máis, senón que vai a solucionar que outros catro edificios con responsabilidades desta Corporación e das que precederon e doutras anteriores, a incertidume de moitos veciños que viven en situación irregular, con vivendas que non teñen licencia de primeira ocupación nin auga, con luz de obra e dificultades para poder empadroarse, que entende que hai razóns de peso xustificativas para acometela, sen que se faga unha cuestión política da mesma e que asume a responsabilidade de que probablemente e politicamente, non sexa o momento adecuado, pero que entende que a Corporación que vai a suceder a esta non debe ter ningún lastre no novo planeamento que se traerá proximamente a Pleno para a súa aprobación inicial, e que entende que desta maneira rachan unha situación que veu padecendo o urbanismo ribadense dende fai máis de trinta anos.

Ábrese a continuación un turno de intervencións, facéndoo en primeiro lugar por parte do Grupo Municipal Popular o Sr.Rodríguez Andina que di ao Sr.Alcalde que non ten dúbida de que o expediente administrativo será correcto , estará perfecto, e con todas as bendicións, que non lles cabe ningunha dúbida, pero que agora ben, lles acaba de dicir, antes de entrar co seu argumentario , (en relación ao do Concelleiro que está a intervir) que veñen traballando dende agosto de 2006 neste asunto e ten que recordarlle que veñen gobernando este Concello dende xullo de 2003, é dicir 3 anos e 1 mes antes do que lles di na intervención, e que sería bo que lles explicara porqué se empeza a gobernar en xullo de 2003 e se lles parece que hai un problema importante, que tamén llo parece ao Grupo Popular, pregunta porqué non se acordan ata agosto de 2006 para empezar a evacuar consultas ante a Dirección Xeral de Urbanismo, é dicir cal é a razón do retraso, e se non houbo presa ata Agosto de 2006 pregunta cal é para esta presa agora, donde está a valentía que di algún medio de comunicación; pregunta tamén se non será que ao mellor é osadía, e pregunta que compromisos hai, que cousas suceden para que o que non se fixo en tres anos e un mes se inicie, pasado ese prazo e agora a pouco máis de un mes das eleccións municipais se lles traiga isto como algo fundamental; e que iste é o primeiro apartado.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina asimesmo se di que en segundo lugar quere dicir que lle parece moi ben o que remata de dicir o Sr.Alcalde de que a modificación , segundo di a Dirección Xeral de Urbanismo, debe de ir razoada no interese público, e entón lle houbera gustado, e xa o dixo o outro día na Comisión informativa que se nos medios de comunicación aparece que o Alcalde de Ribadeo di que o que quere é resolver irregularidades houbera saído o Alcalde de Ribadeo e dito que non, que quere protexer o interese público, e que iso é cousa do periodista porque así non estarían en boca de todo o mundo, e o que quedou é que o Alcalde de Ribadeo quere resolver irregularidades.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que dado que non se fixo lectura da Comisión informativa vai facelo a lo menos da súa intervención, e que ten que recordar que isto

arranca dunha reunión de portavoces, na Alcaldía de Ribadeo acompañados do Secretario do Concello e do Arquitecto Municipal, onde se lles plantexa esta modificación puntual, donde toda esa documentación que di o Alcalde incluíndo ese escrito da Dirección Xeral de Urbanismo está presente, e donde, dende o punto de vista do Concelleiro que está a falar se chega á conclusión por parte dos tres portavoces, e repite que é o seu punto de vista, de que o asunto das cumbreiras é un asunto a resolver, grave, que afecta a moitos veciños deste municipio; que sabe o Alcalde que pasados unhas dúas semanas o portavoz lle informou, a través do Secretario Xeral do Concello, de que por parte do Grupo Popular non había inconveniente e que ao día seguinte lle chama o Alcalde ao seu despacho, e lle di que hai un problema, e que é que aquela unanimidade que existía non existe, por canto dentro da modificación hai algo que parece que non convence, e van deixalo ahí polo de agora, e aquí quere facer unha aclaración para que todo o mundo saiba de que están falando, porque non saben se o Alcalde con intención ou sen ela, cando explica a modificación chega a un punto en que como vai tan rápido do cambio de cumbreira ao cambio de plantas, parece que todo é o mesmo, e son dúas cousas totalmente distintas, unha é o incremento da altura da cumbreira, en razón do que o Alcalde acaba de ler das inclinacións e da evacuación de pluviais, que era un tema no que cree que estaban (o cree o Concelleiro que está a falar), de acordo todos os portavoces e tema distinto é a modificación das alturas en base aos anchos das rúas, un tema absolutamente distinto e que é de donde arranca, segundo entende, o problema deste Pleno.

Prosegue manifestando o Sr. Rodríguez Andina que o Alcalde lles di que como hai moita edificabilidade no Plan de 1977 non garda ningunha relación co do ano 2007, e van a facer unha modificación segundo a cal se diminúe volume, edificación, segundo que rúas, e non é verdade, e polo tanto non se pode facer unha afirmación así, taxativa, non é certo, polo menos nun caso se incrementa volume respecto do Plan de 1977, e iso o sabe o Alcalde, e non pode facer esa afirmación así xenérica; que é certo, nembargantes, que aumentándose volume nun caso hai outros casos en que se encontran diminuídos en volume de edificación, e iso non é xeito, porque claro, o que non se pode facer é sacar unha norma, donde con esa norma unhas saen beneficiadas e outras prexudicadas, que están facendo unha norma que cruxe por algún lado, e sabe perfectamente que neste momento hai polo menos, que o Grupo Popular saiba, dous casos, un que ten unha planta de máis e outro que ten solicitado unha licenza de obra que mentres non se lle conceda, e se non se lle concede antes desta aprobación inicial, terá unha ou dúas plantas menos, e que iso é así e polo tanto, se coa mesma modificación unhas saen melloradas e outras prexudicadas, iso é absolutamente inxusto, e como non é xusto cren que deberán reestudialo, é dicir se se quere resolver o tema das cumbreiras, que parece que é o tema máis grave, pregunta porqué se mezcla e que interese hai en mezclalo con calquera tipo de modificación, que para qué, que se trata de resolver, xa que están, parece, na fase final da aprobación do PXOM e pide que o fagan, que resolvan un caso, que probablemente non se poida resolver a través do PXOM como son as cumbreiras, e que o resto o houberan levado polo PXOM.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta o porque destas prisas, de ter que andar mezclando unhas cousas con outras, que non o remata de entender, e que claro, o primeiro que queren é que se lles explique dalgún xeito, e non so por parte do Alcalde senón do seu socio de goberno e a ver se lles conta algo, e se lles conta que esta vez están de acordo, que o dubida, e a ver se algunha vez son capaces en casos importantes de traer ao Pleno algo consensuado; e que a ver se aquí hai unha proposta de tres concelleiros dun grupo político e o resto a ver que pasa, o que cal non lles parece valentía, senón unha osadía absoluta, e que é o que teñen que dicir nesta primeira intervención.

Intervén o Sr. Alcalde que manifesta ao Sr. Rodríguez Andina que, respecto a esa reunión da que fala na Alcaldía, ratifica todo o que manifestou, pero que quixera que quedara claro que o informe entregado a todos os portavoces, previo a esa última reunión, xa constaba no documento entregado, e que facía a mesma modificación respecto ao ancho das rúas, e que

polo que fora o PP non o interpretou desa maneira, e nesa reunión entre o portavoz do Grupo Popular , o Alcalde e o Secretario, manifestáronlle cando lle dixo o Sr.Rodríguez Andina que non había ningún inconvinte co tema das cumbreiras, que aparte diso, no documento entregado ía a adaptación das rúas e que ía a contemplar a solución doutro dos edificios que entendían que era motivo desta modificación puntual, e que estaba cunha altura de máis, edificio que por outra parte é o único que poderá resolver a súa situación coa aprobación do novo Plan.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que no documento xa entregado, cre que se recolle como moi ben di que é modificación puntual, e que hai un proxecto básico presentado dun inmovible que co ancho das rúas efectivamente vaise reducir, e nese caso concreto hai un prexudicado, pero que entende que é un promotor prexudicado e un pobo beneficiado, porque donde se pretende construír ese edificio que co Plan do 1977 vixente, e é na esquina que fan a Avda.de Asturias coa rúa do cemiterio, entende o Partido Socialista que non é de recibo que á beira dun edificio desa rúa se fagan oito plantas, e que polo tanto en conversacións privadas con ese promotor pedíronlle a prudencia e o tempo necesario para non acometer esa licenza de obras nesa situación, e que é moi importante que por parte desta Corporación se poña coudo a que co Plan de 1977 haxa dúas zonas moi determinadas, unha na rúa Rosalía de Castro, á beira dun cativo chalet que leva moitos anos construído donde se pode construír agora mesmo baixo máis 7 plantas, máis ático retranqueado; que tamén nun edificio que pode ser emblemático en Ramón González se pode demoler, donde está actualmente as instalacións de ERGO e a panadería , que se pode solicitar orde de derrubio e facer un edificio de 8 alturas segundo o Plan vixente; que esas situacións son sobre as que pretende o Partido Socialista incidir para que non ocorran, con esta modificación puntual, e que iso é todo o que lle ten que dicir ao Sr.Rodríguez Andina en canto ao que lle pregunta.

O Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, pola súa parte volta a intervir, dicindo ao Sr.Alcalde que non dixo que non estivera toda a documentación sobre a mesa, que é mais, dixo que estaba toda, e tamén dixo que obraba de boa fe porque dixera que estaba de acordo e dixo que foran o propio Alcalde e o propio Secretario Xeral os que lle informaran do que supoñía a outra modificación, e que non dixo a ninguén que lle fixeran trampa.

O Sr.Alcalde pola súa parte lle di que ninguén mencionou eso, a palabra trampa, e que o que quere dicir é que tamén o Alcalde actuou de boa fe, porque se nese momento non dixera nada e o documento estaba entregado e lle viña a dar o visto e praxe o Sr.Rodríguez Andina, e que cando entendeu (o Alcalde) que non o tiñan claro foi cando lle fixo saber que esa rúa ou esa casa entraba dentro do que era a modificación puntual.

Volta a intervir o Sr.Rodríguez Andina que di ao Sr.Alcalde que van a decilo todo, porque o BNG xa lle dixera ao Alcalde que non entraba, e que a cousa quedaba no aire, que son palabras do Alcalde e non do Concelleiro que está a intervir , e entón non é so por isto, senón porque tamén llo tiña dito ao seu socio de goberno, que por certo a ver si se enteran do que opina; prosegue sinalando o Sr.Rodríguez Andina que xa lle dixera que xa verían , pero que o que non acaba de entender é, que, se solo un edificio resolve a súa situación, entón porqué o mezcla coas cumbreiras, e en segundo lugar, que queda moi ben o do beneficio do pobo e o do contratista e todas esas cousas, que son frases que quedan moi ben pero que pregunta ao Alcalde se realmente cree que o Convenio que fixo co edificio de detrás do Cine Teatro realmente beneficia ao pobo e prexudica ao constructor.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que pregunta tamén ao Alcalde se lle parece que iso é un exemplo do que pode beneficiar ao pobo e prexudicar ao constructor; e que pide que non lle poña exemplos , xa que non quere entrar en casos concretos , e se quere entrar o fan con nomes e apelidos, e cree que non procede aquí, e que non lle veña falando de intereses públicos, e con asuntos deste tipo; prosegue a intervención do Sr.Rodríguez Andina que reitera que o das cumbreiras é un asunto que afecta a un montón de veciños, e o outro, é cuestión de que traigan o Plan á aprobación inicial, suspendan as licencias, e xa ninguén se

pase, e que non lle veña o Sr. Alcalde con que necesita metelo a través deste mesmo artiluxio, da modificación puntual, porque sabe que non é certo, e polo tanto se ata agora non fixeron trampas, que vaian con claridade , e entón ese é un edificio que sae modificado a favor, e outro, polo menos outro, sae modificado en contra, e que non lle explique que é polo ben público e polo interese xeral, porque lle insiste en que lle pon o exemplo de detrás do Teatro, e pode poñer outros máis, e que non é ise o caso, e polo tanto pregunta que para que complicarse a vida neste, que non o remata de entender.

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que fai unha intervención para concretar que entenden que o edificio de detrás do Teatro , que tanta polémica parece ser que xenera, foi realizado a través dun Estudio de Detalle, con todas as bendicións posibles por parte desta Corporación en Pleno, e cree que o Estudio de Detalle foi dentro do Planeamento urbanístico, que require unha serie de aprobacións e non so do Pleno, senón tamén exposición pública, e non viu ningunha reclamación nin por parte de naide nin tampouco por parte do Partido Popular, ante esa aberración que considera o P.P. que alí se fixo; que segue opinando que as contraprestacións logradas a través dese Estudio de detalle benefician a Ribadeo e non teñen porqué prexudicar a quen chegou aos acordos co Concello, que foi o promotor; que non están para xenerar ningún tipo de problemas, senón polo interese xeral, e a través un planeamento como é o Estudio de Detalle, levar para diante iso e cos votos necesarios que houbo neste Pleno, porque o Estudio de detalle foi aprobado en Pleno, reiterando o Sr. Alcalde que non recorda que houbera ningún tipo de reclamación , nin por parte dos veciños, nin do PP.

Volta a intervir o Sr. Rodríguez Andina sinalando que eso supuxo unha modificación con diminución de volume, claramente, como se pretende neste caso , é dicir ese Convenio con todo o interese público e todo o beneficio para o pobo de Ribadeo “do mundo mundial” , fíxose en base a diminuír a volumetría que tería ese edificio en condicións normais, e pregunta se é certo ou non.

O Sr. Alcalde respóstalle que é certo.

O Sr. Rodríguez Andina pola súa parte pregunta ao Alcalde se coincidía na filosofía con esta modificación puntual.

O Sr. Alcalde di que exacto, e que así o entendeu, e segundo os informes do arquitecto así reza, segundo os metros cadrados de edificabilidade, en base ao Plan de 1977, aprobado e que podía facer, e cedendo ademais unha praza para Ribadeo.

O Sr. Rodríguez Andina á súa vez dille que se non chega a haber diminución de volumetría non saben se habería que poñerlle un “pirulí colorado” para os avións.

Intervén a continuación o Sr. Fernández-Reinante Salvatierra que manifesta que é un tema complexo, do que probablemente , as cuestións técnicas teñen moita importancia en todos os seus matices, pero evidentemente non vai opoñerse a unha cuestión que, como lle chamaba un veciño vindo para aquí, ao parecer hai un edificio en Rosalía de Castro que non ten licenza de primeira ocupación por mor destas cuestións, e respecto ao que ameazaba hoxe, a empresa concesionaria de augas aos veciños con cortar a auga mañá, e que a pesares de que o Alcalde de maneira torticeira, de forma electoral, enganando e utilizando aos veciños, e que recorda un Pleno no que formaba parte do goberno municipal todavía, que foi un Pleno difícil , porque houbo insultos, houbo cuestións que non gustan a ninguén , por moitos anos de experiencia que leve na política, e agora entende que algún veciño ía por diante, dende logo del (en referencia a si mesmo).

Prosegue manifestando o Sr. Fernández-Reinante Salvatierra que de todos os xeitos, insiste en que vai votar a favor, e que se pregunta que fixo o Alcalde durante estes catro anos, como delegado que é de Urbanismo, e que cre que hai dous tipos de Alcalde, os que aproban os Plans e os que utilizan os Plans politicamente, ata o punto de que falta so un mes para as



eleccións municipais e seguen con este tipo de lavativas, que dende logo, encima, quere provocar que algún dos Concelleiros, tanto da oposición como incluso membros do Goberno poidan quedar enfrontados aos veciños; que evidentemente alá o Alcalde, e que cree que o único interese que ten o Alcalde desta cuestión é intentar solucionar electoralmente un problema que non foi capaz de solucionar a través da política; e que si sería valentía política aprobar o Plan Xeral, e entón insiste que non quere opoñerse nin poñer zancadiñas a esta cuestión, que fundamentalmente vai permitir que algúns veciños non se lles corte a auga, e ademais hai unha demolición por ahí polo medio , e hai aquí veciños afectados pola cuestión, e que cree que si se vai a ser magnánimo, tan magnánimo con estas cuestións, haberá que volver a retomar ese tema, porque non é de recibo que despois de tanto tempo , de ven e vai, de tanto mentir, de tanto aprobar o Plan e non aprobalo, non é de recibo que non se retome esa cuestión , e que se busque unha solución, aínda que dende logo haxa unha Sentencia enriba da mesa.

Intervén o Sr. Alcalde que, dirixíndose ao Sr. Fernández-Reinante Salvatierra, dille que lle agradece esa responsabilidade que demostra neste Pleno, e que gustaríalle que a fixera estensiva ao resto da súa laboura política neste Concello; que respecto ó Alcalde non lle caiba dúbida de que leva anos traballando para sacar adiante o PXOM, e pouco lle queda, senón fora polos atrancos recibidos, precisamente coa nova Lei do Solo, e o último informe que houbo que solicitar de sustentabilidade, de adaptación das normas urbanísticas á Consellería de Medio Ambiente, e que neso están a traballar e neso se verán pronto os resultados.

Intervén de seguido o Sr. Suárez Barcia , do Grupo Municipal do BNG que manifesta que inicialmente, hai un momento, propuxo unha emenda á totalidade deste punto único que ven na orde do día , substituíndo a proposta da Alcaldía de aprobación inicial desta modificación puntual e a consecuente suspensión do planeamento durante un mes ou durante a exposición pública, e que propoñían esto e o seguen propoñendo, no sentido de que o Concello de Ribadeo deba remitir á Consellería de Política Territorial esta proposta que se presenta hoxe aquí de modificación puntual por ser esa Consellería a que ten en definitiva facultades para aprobar de xeito definitivo esta proposta, por lei, e que entende que de conformidade co disposto na Lei do Solo procede a emisión dun informe previo; que entende que non deba dar lugar esta proposta a que non sexa aceptada, e que en todo caso non se van poñer a discutir por iso , e que verán o que fan.

Prosegue manifestando o Sr. Concelleiro que cree, ou lle da a sensación, de que o que se pretende, na exposición de motivos de toda esta proposta, é que non sabe realmente se se pretende resolver o problema e que sinceramente se está producindo un engano masivo aos veciños, e vai a explicar o porqué: non é ao seu xuízo (do BNG) senón que o di a Lei do Solo de Galicia, a Lei 9/2002, que non está aprobada por eles nin por xente da cor política da que son e se participan, e que se aprobou unha lei que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2003 , unha lei bastante dura á hora de poder facer modificación dos planeamentos; en todo caso a lei ven dicir que os planeamentos que se queiran modificar deben seguir o mesmo trámite que para unha aprobación do Plan novo, eso é precisamente o que no seu momento, no informe, o Director Xeral de Urbanismo informou; que como en todo plan novo é de rigor, e en todas as Corporacións, tanto na época do goberno anterior como desta, a Xunta sempre emite un informe previo á aprobación inicial para garantir que o que o Concello estea redactando ten o vai a ter un soporte ou un sustento por parte da institución ou órgano , neste caso da Xunta, que o ten que aprobar de maneira definitiva.

Prosegue dicindo o Sr. Suárez Barcia que quere dicir que a Corporación, unanimemente pódese poñer patas para arriba e dicir que queren facer un edificio aquí, no parque , e poden aprobalo todos por unanimidade, pero se eso ten que ir á Xunta, como é o caso deste tema que lles trae aquí, será a Xunta quen determine se esto se vai levar adiante ou non, e como

non poden enganar a naide e a pesar de que teñen que asumir responsabilidades , sempre o dixeron; que dende logo recordar este Salón de Plenos con ben máis xente da que esta hoxe aquí, e mais por iso non cambiaron a súa actitude ; que di esto porque non lle gusta o que no seu momento se enviou á Xunta, unha das partes, aínda que o Director Xeral de Urbanismo dirá que había que darlle un formato, digamos buscar unhas razóns de interese público; non porque o dixera a Dirección Xeral de Urbanismo, senón porque o di a Lei , o artigo 94.1 cunhos poucos supostos taxados , supostos á hora de poder facer modificacións do planeamento, sempre que teñan un interese público, unha serie de supostos, e aínda que aquí se queira interpretar doutra maneira, realmente non se dan, e por iso se intenta facer unha exposición de motivos, de que se as cubertas non evacúan as augas, se teñen que ter máis inclinación ou menos, e en todo caso se remata dicindo que se quere facer un uso de responsabilidade; e que ahí ten que discrepar profundamente, e que pensa que se está facendo un uso da irresponsabilidade , unha fuxida cara adiante de saír de hoxe aquí , neste mesmo acto , cunha aprobación inicial, esto dará lugar a unha suspensión do planeamento durante o período dun mes, donde haberá exposición pública e presentación de alegacións, que as haberá , resolución das alegacións, aprobación provisional, e en última instancia remisión de todo iste documento á Xunta para a súa aprobación definitiva, é dicir , será a Xunta igual que con calquera Plan quen o termine aprobando definitivamente.

Prosegue manifestando tamén o Sr.Suárez Barcia en representación do BNG que, por tanto é dun rigor absoluto que iso se mande previamente á Xunta, para ver que é o que a Xunta opina de todo isto , é dicir, que faga un informe previo; se isto non se quere facer, non sabe que é o que hai que ocultar; que non se pode argumentar que non houbo tempo, porque , efectivamente houbo moito tempo, pero que vai ir un pouco máis aló, do que é realmente o motivo desta e que o motivo de todo isto, do que está hoxe aquí é que lle doi dicilo, e que é certo, e é a verdade que hai dous elementos, un de acción e outro de omisión, de acción por parte de todos aqueles promotores que excederon o volume de maneira deliberada, sabendo que se excederon, e que non sabe se no ano oitenta ou no oitenta e cinco isto pasaba, que seguramente pasaba , pero que están no ano 2007 , no século XXI, e o país non é o que era, nin agora nin hai catro anos; por unha banda, e por outra banda, a omisión por parte da Alcaldía, e di da Alcaldía, segundo o artigo 209 da Lei 9/2002, porque se sabe que hai dende moito tempo edificios que non cumpren a legalidade vixente e non se fixo absolutamente nada para impedilo, consentindo que se remataran e consentindo que os veciños entraran a vivir dunha maneira ilegal, por suposto, porque teñen auga e luz de obra, non se poden empadroar, e as escrituras da Notaría que poidan facer teñen que ter, seguramente, unha advertencia legal; ben , que se consinte que se metan dentro tamén, de maneira deliberada e interesada, polo propio promotor para que se metan, para poñer aos veciños de escudos humans, para que “papá concello” veña resolver todo o problema do que eles quixeron facer, e iso na cuestión de acción; na omisión por parte da Alcaldía por non impedir isto de maneira activa e non se pode invocar descoñecemento, porque fai dous anos na Comisión de Goberno ven manifestando que existe un edificio cunha altura de máis , que hai que paralizar porque ten orde de paralización e de precinto e non se fai nada, e o reitera 15 días despois de fai dous anos, e ese edificio hoxe non se parece en nada ao que denunciaba no nome do Grupo do BNG hai dous anos; e como iso non se pode dicir que non se dixo nas Comisións de Goberno aquí de maneira verbal, diferentes actuacións que ían convertirse nunha bola de neve , e non se fixo nada, e agora se pretende facer o máis difícil, que é dar un triple salto mortal, modificar a lei de todos, o ordeamento que sexa unha porquería ou non, é de 1977, 30 anos.

Prosegue manifestando o Sr.Suárez Barcia que seguramente sexa unha porquería, pero modificar ese planeamento para dar cabida a todas cantas irregularidades non se vista doutra maneira; debe dicirse que son irregularidades , que dende logo non poden estar de acordo , e se estiveran de acordo, en todo caso plantexarían que isto se informara previamente porque o vai aprobar de xeito definitivo a Consellería , e se non é así entende que se ven aquí a enganar aos veciños; se sae adiante dicirlles, mirade non houbo ningún problema, agora que chova, ou que sexan outros, que sexan os da Xunta , e se os da Xunta din que non, dirán, nós quedamos ben intentándoo; e se non sae supoño que tamén a contraréplica estará servida ,

foron eles que non quixeron; en todo caso o Grupo do BNG asume sempre a súa responsabilidade , e non van aceptar esto se non se acepta esa enmenda que rematan de presentar.

Di asimesmo o Sr.Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG que vai dicilo dunha maneira gráfica ou metafórica: é o caso dun taxista que vai por unha autopista a 200 por hora, e que leva pasaxeiros dentro; que o para a Policía, e vai a 200 por hora e lle piden os pasaxeiros que non lle multen ou que cambien as normas do código de circulación, porque realmente os pasaxeiros non poden chegar a destino; que lle crean que entende realmente cal é a situación dos veciños que poden estar nesa situación; que a entenden dalgúns, porque doutros non, do que compra un rocho sabendo que é un rocho e fai un baixo-cuberta, non ten porque entender nada, e nada lle ten que dicir aos veciños; e aló cadaquén coa súa responsabilidade.

Prosegue sinalando o Sr.Suárez Barcia dicindo que si que entende a situación de veciños que non sabendo nada do que ocorre plantas máis arriba compran algo que logo realmente despois non se pode legalizar porque o edificio non se legaliza por partes, e ou se legaliza todo, ou non se legaliza, pero realmente primeiro debenlle pedir responsabilidades aos promotores; realmente aquí se está dalgunha maneira querendo modificar un planeamento para adaptar a todos aqueles que, por algunha cousa ou por outra, fixeron o que quixeron, e realmente non lles parece xusto que agora teñan que ser eles dende o Concello quen remate por modificar algo, e que ademais discrepa absolutamente de que sexa de maneira transitoria, porque de maneira transitoria non o pode garantir ninguén; a este goberno, a esta Corporación quedalle un mes e medio legalmente, e isto é iniciar unha tramitación que levará meses, e polo tanto nada garante que a Corporación que veña respete o carácter transitorio de todo isto, e se abra un melón de consecuencias incalculables, porque dicir alegremente que se dean as alturas en función das anchuras das rúas, é moito dicir, e dende logo poderá afectar de maneira irreversible a solos non consolidados urbanos, que pola lei vixente han de ter cesións de aproveitamentos, zonas verdes, etc.; que facer esto por unha vía de machete, demasiado arcaico , dende logo traerá se esto vai adiante, resultados inesperados e insospeitados. Que polo tanto como non queren enganar a ninguén di que isto debe ter primeiro informe previo, verídico e real da Consellería.

O Sr.Alcalde contesta ao Sr.Suárez Barcia que non vai ter que recorrer a ningún filósofo senón a Ismael Rego para dicir que o BNG “ gobernan pola mañá e pola tarde son oposición”. O Sr.Suárez Barcia di que a moita honra.

Intervén o Sr.Alcalde que di, dirixíndose ó Sr.Suárez Barcia que si, que entre outras cousas, e que evidentemente non pretende o Grupo Socialista nin moito menos enganar a ninguén e que quizás o Sr.Suárez Barcia coa súa laboura de goberno unicamente se responsabiliza do bo que fai o goberno, dicindo que é cousa súa e do malo deste mesmo goberno que non lle gusta, é culpa do Partido Socialista , pero xa están acostumados e non é a primeira vez.

Prosegue o Sr.Alcalde manifestando que quere rachar con esa información, e que o que pretenden é solucionar un problema dos últimos anos, de moitos anos que nin é un problema do PP nin do PSOE , que é da propia dinámica do urbanismo local; que non pretenden en absoluto enganar a ningún veciño, e que todo iso que di o Sr.Suárez Barcia xa se fixo, e iste documento que está aquí (o Sr.Alcalde exhibe e sinala un documento da Dirección Xeral de Urbanismo que se atopa sobre a mesa) foi o envío do que hoxe se trae ao Pleno para informe previo, do que pretende dicirlle ao Concello a Dirección Xeral de Urbanismo, unha vez feita a consulta o 2 de marzo contestaron o 9 de marzo dicindo o que di, e iso por un lado, e que entende que con este informe o que é necesario e porque, porque no propio documento, queda reflectido que esta é unha modificación puntual que non implica ningunha reclasificación do solo, nin incremento de intensidade de uso dunha zona , nin altera os sistemas xerais do planeamento vixente.

Incidentalmente o Sr. Alcalde di ao Sr. Suárez Barcia que o Grupo Socialista tamén ten informes; que polo que é, é precisamente un caso expreso en que a Lei o di no artigo 93, e que é a Lei mesma a que fixo a referencia o Sr. Suárez Barcia, dí que as modificacións do planeamento xeral que non impliquen estas circunstancias non precisan o informe previo a aprobación inicial a que fai referencia o artigo 85, e que nos mesmos documentos e en todo o que se estivo negociando nestos últimos tempos coa Dirección Xeral de Urbanismo e para que conste unha vez, se se procede, ou se o Pleno considera que vaia adiante esta modificación, que xa se sabe que o que ten que ratificar a Xunta, e xa saben o que se lles ven enriba, e que o que hoxe se propón ao Pleno é o que figura na proposta da Alcaldía, procedéndose polo Sr. Alcalde á lectura literal da súa proposta, que é a mesma que figura no ditame da Comisión Informativa.

O Sr. Alcalde prosegue intervindo manifestando que non está dicindo o Sr. Suárez Barcia nada novo, e que todo iso o saben os veciños que están aquí, os que están na casa e os que leron o periódico, e que aproveita para dicir que o que di o periódico, como o que di o Sr. Suárez Barcia non son dogmas de fe; que non fixo o Alcalde ningún tipo de declaración, nin está para estar todos os días rectificando o que diga a prensa; que dixo e o ratifica aquí, que cando fixo esta proposta non sabía si contaba cos votos dabondo, e que segue sen sabelo agora, e que tampouco sabe que vai votar o BNG porque aínda non o dixo; que dixo que o Grupo do PSOE ía votar a favor, e por conseguinte respecto a esas manifestacións que fixo o Sr. Suárez Barcia, todo está reflectido aquí con total transparencia, e está o escrito enviado á Dirección Xeral de Urbanismo, a conformidade da Dirección Xeral de Urbanismo por escrito, e de palabra, con este Alcalde e cos técnicos municipais presentes, que está o que hai que facer e os pasos que hai que dar e por conseguinte nin enganan masivamente a ningún veciño, que son bastante máis listos do que deben pensar moitos dos que se sentan nesta mesa, e que todo o que dixo o Sr. Suárez Barcia xa foi dito polo Alcalde que está a falar.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que dirixíndose ao Sr. Fernández Reinante lle di que se algún veciño lle cortan a auga mañá, a responsabilidade é do Alcalde e de todo o equipo de goberno, non do que se acorde neste pleno, e que sexan serios e a ver se agora vai resultar que claro, todo depende do que saia da sesión, e que foron tres anos e 11 meses gobernando e agora resulta que mañá ao mellor lle cortan a auga a algún veciño, e que a responsabilidade non é do que se acorde no Pleno.

O Sr. Rodríguez Andina, dirixíndose ao Sr. Alcalde, lle di que respecto ao de retrasos por cambios legislativos na tramitación do Plan, resulta que agora si, e que llo pode dicir aos compañeiros do seu grupo político e do seu grupo adherente, respecto do que pasa cando hai cambios legislativos, que é o que sucede cos Plans Xerais de Ordenación municipal e pregunta se agora se entende, xa que antes non, porque tamén lles tocou (en referencia ao período de goberno do Grupo Popular) porque hai que ser coherentes e dicir o mesmo agora que antes.

Dirixíndose ao Sr. Suárez Barcia, o Sr. Rodríguez Andina, di que a súa é unha demagogia asombrosa, que o seu é para escribir un tratado de demagogia, que o Sr. Suárez Barcia non está no goberno; e que, (en ton irónico) os ribadenses teñen un goberno coherente, ben avenido e compacto, este é o goberno de Ribadeo e a representación gráfica a acaba de escoitar, e quere repetir o de coherentes, compactos e ben avenidos, en absoluto acordo e todo magnífico.

Dirixíndose de novo ao Sr. Suárez Barcia di o Sr. Rodríguez Andina que o que non entende do referido Concelleiro é a postura xenérica de negar isto, porque no que respecta ás cumbreiras, e xa sabe que probablemente o negue, pero estaban os cinco reunidos, o Sr. Suárez Barcia estaba de acordo, e llo dixo na Comisión informativa e llo volta a dicir agora; que estaban todos de acordo, e agora vende a moto que queira no pleno, que lle da exactamente igual, que hai que asumir responsabilidades; que non se pode ir a unha reunión, saír da reunión

dicindo unha cousa , e despois debe ser que ten algún informador ou orientador, ou alguén que lle da algunha clase particular, e agora lles ven contando todo o contrario do que dixo alí, porque eso non se pode facer, que non é a primeira vez que fai iso; que hai que ter criterio e se non hai criterio mal andan; que despois resulta que na súa intervención o Sr.Suárez Barcia se pregunta porque supón que non llo preguntaría ao Alcalde se tiña algo que ocultar , ou sexa, que o Sr.Suárez Barcia non está no goberno, está en babia.

O Sr.Rodríguez Andina, de novo dirixíndose ao Sr.Suárez Barcia, lle formula que a quen lle pregunta se hai algo que ocultar, ou se non sabe o que pasa no goberno municipal, se estaba de oínte. Ademais xa que o Sr.Suárez Barcia di que esto pasa por omisión por parte da Alcaldía, que donde estaban os do BNG cando a Alcaldía omitía as súas obrigas, se de paseo ou na praia, e que é isto.

Prosegue manifestando que o pode dicir o PP que está na oposición, pero o Sr.Suárez Barcia é goberno municipal, e lle pregunta se non se enteraba , que di que traballa moito, pero debe ser que a pesares de todo non estaba aquí; que di que fixo moitas cousas na Xunta de Goberno, e se fixo e dixo moitas cousas , e pediu moitas suspensións en moitos casos na Xunta de Goberno local e non lle fixeron caso, que non siga gobernando con alguén que non lle fai caso, ou porqué goberna cun socio que non lle fai nin puñetero caso nunca, e agora di que a culpa é do socio, e que non se pode facer tanta demagogia, e pregunta se se da conta da mensaxe que tratando de convencer está dicindo; e que está de acordo unha vez co Alcalde e que os veciños son moito máis listos do que moitos creen, de convencer a algúns que están aquí, que poden estar afectados polo problema, con esta cousa que lles ven relatando, e pregunta o Sr.Suárez Barcia se cree que os vai enganar; que hai que ser serios e formais, ter criterio e non se pode vir aquí, de repente, no Pleno de hoxe, a ser oposición, pero que de todas formas, e quere dicirlllo aos dous , están dando un espectáculo absolutamente lamentable e se non acordaron esta modificación puntual, que non a traian a sesión.

Prosegue o Sr.Rodríguez Andina manifestando que van voltar a ser o hazmerreir do país, ou sexa , que un grupo que so o apoian tres concelleiros trae a Pleno unha modificación puntual, sabendo que outro grupo que tamén ten tres concelleiros, probablemente xa lle vai dicir que non, xa sen contar cos demais, e cree que esto non ten nin pés nin cabeza; que non vai intervir máis, porque poucas cousas hai que dicir; que quería pedirlle unha indicación legal ao Sr.Secretario se o Alcalde llo permite , e que é en referencia ao principio cando houbo unha aportación do BNG e leeu un artigo, segundo o cal calquera tipo de voto particular ou enmenda non podía ser presentado por ninguén que houbera estado presente na Comisión informativa, e pregunta se é certo.

Por parte de Secretaría respóndase que é o criterio da doutrina segundo o ROF.

O Sr.Rodríguez Andina manifesta que non o pon en dúbida, e que so é para facer unha proposta, e é que queren facer unha proposta e para que surta efectos , probablemente se o fai o Concelleiro que está a intervir , estean incorrendo no que se di por Secretaría e a aclaración que pide é se a fai el ou a fai ou seu compañeiro.

Por Secretaría maniféstase que o que haberá é que determinar se é posible formular unha enmenda nesta fase do Pleno, porque di que enmenda é a proposta de modificación dun ditame ou proposta formulada por calquera membro , se entende que non formase parte da Comisión informativa, mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto; que isto é o que di o artigo 97.5 do ROF, e a partir de ahí corresponde ao Presidente decidir esta cuestión, e que outra posibilidade é que suspendan a sesión, se reúnan e no seu caso decidan o que estimen convinte.

O Sr.Rodríguez Andina pregunta ao Sr.Alcalde se pode continuar a consulta sobre as enmendas “*in voce*”.

Por parte de Secretaría respóndase que as enmendas “in voce” non se atopan reguladas legalmente, non figuran no ROF.

O Sr.Rodríguez Andina á súa vez di que poden suceder , respostándose por Secretaría que non figuran no ROF, e que lle reitera que o artigo 97.5 do ROF, di o que di.

Prosegue intervindo o Sr.Rodríguez Andina que pregunta se vai servir o que propón ou se llo van a anular despois, xa que non está regulado no ROF, e é “in voce” e polo tanto deduce que é unha potestade do Sr.Alcalde e pregunta se si ou non; prosegue intervindo o Sr.Concelleiro no uso da palabra que di que quere expoñer o seguinte, xa que o Alcalde, o Concelleiro que está a intervir e o Sr.Suárez Barcia van a ser portavoces no próximo mandato dos tres grupos políticos , cada un do seu,os tres son candidatos dos grupos políticos e van ter todos, ou casi todos, os Concelleiros da Corporación, e por tanto, o que acorden aquí lles vai servir para despos do 27 de maio; si teñen criterio,si non “hoxe díxome díxome e mañán pataqueiradas”, non fan nada , e que entón, como seguen entendendo que as cumbreiras teñen un acordo, pero que a outra modificación non o ten, a proposta do Partido Popular é que os tres grupos políticos por boca dos portavoces adquiran o compromiso de estudar as modificacións que haxa que facer, pero que vaia a ser xusta, xusta para todo o mundo e que se comprometan-e o P.P. se compromete dende agora-a que no primeiro pleno da próxima Corporación Municipal, que será no mes de xullo, unha vez tomada posesión traigan unha proposta de acordo seria, unánime e consensuada, e onde non haxa xente nin xente danada nin xente beneficiada senón todo o mundo tratado por igual, e que esta é a súa proposta.

O Sr.Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG pola súa parte di que se o Grupo municipal do Partido Popular pode presentar unha enmenda “in voce” pensa que non haberá problema en que o Grupo municipal do BNG poida presentar a que aportou ao principio da sesión.

Por parte do Sr.Alcalde sinálase que pediulle ao Grupo Popular que lera de que se trataba , non que non a presentara ou que se fora aceptar , e que explicou o portavoz do Partido Popular de que se trataba, e non dixo o Alcalde que a fora a someter a votación nin nada, porque explicou que para poder tomar a decisión que lle corresponde ao Presidente necesitaba saber de que vai e que entende que iso que propón o Partido Popular é dilatar no tempo o problema existente con todos os veciños, e que cree que o camiño recorrido, aconsella que se someta a votación o ditame da Comisión Informativa do venres.

Intervén o Sr.Fernández-Reinante Salvatierra, Concelleiro non adscrito, que sinala que quere contestarlle ao Alcalde simplemente a unha cousa, e é que hai unha diferenza entre o que un quere facer e o que lle deixan facer , e así lle contesta á algunha das cousas que dixo antes; que de todas formas, respecto ao Primeiro Tenente de Alcalde, insistindo no que di o Sr.Rodríguez Andina está de acordo, totalmente de acordo, o que pasa é que facendo un chascarrillo desa metáfora do taxi, o Sr.Suárez Barcia vai cun conductor suicida no taxi, e entón cree que hai que asumir as responsabilidades.

Prosegue manifestando o Sr.Concelleiro intervinte , en relación a si mesmo, que asumirá as súas responsabilidades e que é certo que ata que formou parte deste goberno é responsable dos erros e acertos deste goberno, e o Sr.Suárez Barcia deberá ser igual , pero por outra parte si vai dicir tres cousas que se fixeron nos últimos tempos en materia de urbanismo, do que é Delegado o Sr.Alcalde: primeiro, fíxose unha cousa , solucionar os problemas de Patrimonio a algún amigo, segundo regaláronse prazas de garaxe a un promotor por valor multimillonario e terceiro, permitiuse que técnicos municipais dirixan obras ilegais fora desta casa , e que eso se fixo.

O Sr.Alcalde contesta ao Sr.Fernández-Reinante que supón que todas esas manifestacións poderá acreditarlas, porque como ben sabe van a quedar reflectidas na acta, e que llo di por se quere rectificar algo do que acaba de dicir.

O Sr.Fernández Reinante di que non, que pide que conste en acta, e se non que o repite de novo.

O Sr.Alcalde di que xa o pediu.

Intervén o Sr.Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG que sinala que vai comezar polo Sr.Fernández-Reinante, que foi membro do mesmo grupo municipal durante 4 anos menos 3 meses, e que lle sorprende bastante e incluso que nas desavenencias que tiñan por un urbanismo racional, porque agora parece que todos se apuntan ao mesmo carro, e hai tres anos que cando se aprobaban “tropecentos convenios” no medio do monte, para tumbiar non sabe cantos eucaliptos e facer non sabe cantos chalets, daquela o Sr.Fernández-Reinante facía mutis, e calaba a boca e votaba o que dicían os seus socios.

Dirixíndose ao Sr.Rodríguez Andina o Sr.Suárez Barcia lle repite, xa que o Sr.Rodríguez Andina, repite o da Comisión Informativa, o que lle dixo, que fale por el, que non fale polo BNG , e que dende logo aquí se está dando unha situación un tanto curiosa, e é que se quere facer un pequeno emparedado, e tamén os do PP foron goberno e o Sr.Rodríguez Andina foi Alcalde, e tamén lle afectou o art. 209 da Lei do Solo de Galicia que se refire ás obras sin licencia, e fai referencia a que será o Alcalde, e non a Corporación, nin o Concelleiro delegado, xa que non hai Concelleiro Delegado de Urbanismo no Concello , a facultade está na Alcaldía, e no mandato anterior tamén o Alcalde dispoñía a suspensión inmediata dos referidos actos e procedería a incoar expediente de reposición da legalidade ; por parte do Sr.Concelleiro que está a intervir se describe o procedemento legal.

Prosegue sinalando o Sr.Suárez Barcia que , no seu mandato o Sr.Rodríguez Andina debe ser que ten mala conciencia , e se refire a que ten parte nun ou dous dos edificios, e que se plantexa unha modificación aséptica, pero todos saben de que se está a falar, dunha serie de edificios, e que un ou dous deles son herdanza do Sr.Rodríguez Andina e que pode que por iso teña mala conciencia e queira resolver o problema, e dalgunha maneira lles queren meter os do BNG , que son responsables de goberno, pero que o BNG, nin ten a facultade de convocar plenos, e por iso, igual si tiveran esta facultade, este asunto non estaría eiquí hoxe; nin teñen a potestade de vixilancia urbanística porque lle corresponde ao Alcalde; que respecto ao BNG, sempre o Sr. Rodríguez Andina lle suxire unha serie de cousas, pero non lles marca a estratexia política, e que o Sr.Rodríguez Andina ten a súa estratexia política , pero a do BNG a ten o BNG , e polo tanto, cando hai dous anos denunciaron eso xa o fixeron conscientemente de que denunciaban , que constou en acta e consta en acta, conscientemente de que o facían, e ademais aparte desas actas, quedan enriba da mesa unha serie de cuestións importantes, que os técnicos e os Concelleiros nas Comisións de Goberno, se non lle faltan á verdade deberanllo dicir tamén.

Prosegue sinalando o Sr.Suárez Barcia que polo tanto , este é o resultado da falta de acción ou da omisión do cumprimento da legalidade por este Alcalde nesta Corporación nos edificios autorizados na época deste mandato, e da época do mandato do Sr.Rodríguez Andina, e polo tanto se o queren resolver, pois adiante, pero que o BNG que non ten nada que ver con que se faga , sabendo que se están facendo , advertindo que como teñen advertido, de que se seguían facendo e que agora veñan a cambiar aquí a Lei global de todos , e o BNG non vai entrar neso e mais para que non se pense que o BNG son os malos da película, din que si esto o acaba aprobando a Xunta , que se envíe , xa que calquera Concello que redacta un planeamento o ten que mandar á Xunta previamente antes de apróballo inicialmente , previamente antes do acto de hoxe, e a Xunta manda un informe, que é facultativo que se pida antes, pero dende logo dicir que un Planeamento que pode ser de cinco tomos en dous caixóns e que unha modificación puntual que son 10 folios pero que afectan a todas as rúas de Ribadeo, os que teñen problemas, e os que non, todos, se poida alegremente aprobar sin que pase nada, sabendo que quen aproba definitivamente é a Xunta de Galicia, e moito presupoñer, e que o BNG non se quere tirar á piscina sen auga , e que se queren tirar que o fagan, e de cabeza.

O Sr.Rodríguez Andina , do Grupo Municipal Popular manifesta que non fala polo Sr.Suárez Barcia, pero que ten testigos do que acordaron na Comisión de Portavoces e como ten testigos, afirma que da Comisión de Portavoces saíu o acordo unánime de resolver o tema das cumbreiras, e que diga o Sr.Suárez Barcia o que queira, que é unha persoa sen criterio, e por iso agora ten que darlle mil voltas, pero a realidade das cousas e que alí se reuniron cinco persoas e que non eran todos políticos, e tódolos que estaban ahí saben o que se acordou, menos o Sr.Suárez Barcia parece ser , e qué lle, e que lle van a facer.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina ó Sr.Suárez Barcia que hai que ter criterio, que lles lee a lei do que ten que facer o Alcalde, e que xa que coñece tanto a lei, e pertencendo ao goberno municipal, non fixo nada e que como coñece a lei, se lava a cara e ten que facelo o Alcalde , o que lle di (o Sr.Suárez Barcia) é: Alcalde hai que facer isto, e se o Alcalde non o fai segue ao seu, a traballar. Reitera o Sr.Rodríguez Andina o mesmo argumento e prosegue sinalando que parece que lles quere tomar por tontos a todos os demais e que o Sr.Suárez Barcia pertence ao goberno municipal e nel están outras persoas tan “impresentables” (matiza o Sr.Concelleiro intervinte que isto non o di el), que fan as cousas tan mal , que cometen ilegalidades como remata de afirmar por omisión e pregunta como segue o Sr.Suárez Barcia nese Goberno, e que como é posible que se deixe acompañar de semellantes persoaxes.

Dí o Sr.Rodríguez Andina que esta é a palabra do Sr.Suárez Barcia , e que non o di o Concelleiro que está a intervir , pero se pregunta que como é posible, que se o Sr.Suárez Barcia non ten o encargo de vixilancia urbanística, pero lle pregunta se non terá que vixiar aos socios, para que non fagan unha desfeita; pregunta tamén se é que non estaba por aquí, donde estaba, e pregunta tamén se cree que con dicir na Xunta de Goberno ao Alcalde que paralice aquilo, xa consta en acta que o dixo, e se cubre o expediente, e a seguir no Goberno e a seguir coa dedicación exclusiva.

Pide o Sr.Rodríguez Andina que sexan serios, e que o goberno obriga a unha serie de responsabilidades, e o Sr.Suárez Barcia é goberno e ten que asumir esas responsabilidades, e dicir que o Alcalde fixo omisión no cumprimento da legalidade, menuda acusación lle está metendo ao Sr.que lle queda á esquerda, insistindo o Sr.Rodríguez Andina en que o remata de dicir e está gravadiño aquí ( sinalando o Sr.Rodríguez Andina ao aparello de gravación).

O Sr.Suárez Barcia pola súa parte dirixíndose ao Sr.Rodríguez Andina sinala que tamén se refire a el cando era Alcalde.

O Sr.Rodríguez Andina pola súa parte contéstalle que llo está dicindo (o Sr.Suárez Barcia) ao seu socio de goberno; que llo diga a quen está intervir é normal , está claro que é da oposición e que lle ten que zurrar , pero que llo faga a un compañeiro de goberno é unha cousa máis chocante.

Prosegue intervindo o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Popular, que manifesta que quere insistir en dous asuntos e que xa remata: que hai que distinguir entre cumbreiras e alturas respecto do ancho das rúas, e que segue manifestándose exactamente igual que na última reunión e en coherencia con esa reunión , que o Alcalde sabe o que se dixo na mesma ; por tanto fan unha proposta porque quéirase ou non, se isto non sae adiante, terá que voltar a analizarse , despois das eleccións municipais , e non queda máis remedio, e pregunta porque non queren aceptar un compromiso, por parte de todos, de buscar unha solución; que si o que queren é vender unha moto, hoxe é tarde, para dicirlles a algúns que vexan que eran os bos e aqueles son os malos e non o quixeron resolver, e se queren ese xogo que o fagan.

Prosegue afirmando o Sr.Concelleiro no uso da palabra, que fan unha proposta en positivo, que se poñan de acordo; que nas cumbreiras hai un acordo básico e que nas alturas, respecto ao ancho das rúas, tal como está plantexado non é xusto, e que hai que buscar unha solución



xusta, e como so falta un mes para as eleccións municipais propón que esa solución xusta se busque xusto despois das eleccións municipais, e como están aquí os tres que van a ser portavoces dos Grupos municipais poden comprometerse a iso e se queren ben e se non que asuman a súa responsabilidade, e terá que ser o garete despois, e a ver como sae.

Intervén a continuación o Sr.Fernández Reinante Salvatierra, que di que vai explicar o voto e que parécelle que é boa a proposta do PP , que o Concelleiro que está a intervir non se presenta as eleccións, e se non se acepta ten en conta a proposta do PP vai variar o voto de a favor da proposta da Alcaldía a abstención.

Volta intervir o Sr.Suárez Barcia, do Grupo Municipal do BNG, que pregunta ao Pleno porque non dan un paso previo e que a tenor do exposto, aínda que se non o aproba o Concello marcan o camiño inicial e quen o acaba aprobando é a Xunta , e que informe primeiro a Xunta de todo isto e logo en función do que informe falan.

Por parte do Sr.Alcalde considérase dabondo debatido o asunto, e manifesta que o seu grupo entende que agora é o momento para entrar sen ningún tipo de lastre na aprobación inicial do Plan, e que entende que é a consulta que se solicita por parte do membro do BNG, que xa está feita e contestada afirmativamente, e que polo tanto vai someter o asunto a votación, procedendo a leer o ditame da Comisión Informativa de data 13 de abril de 2007, efectuándose a votación da proposta seguinte:

1º. A aprobación inicial da modificación puntual do PXOU de 1977 do xeito plantexado nesta proposta da Alcaldía.

2º. A exposición ao público polo prazo dun mes e a tramitación subseguinte conforme ao procedemento establecido no artigo 85 e ss. da referida Lei 9/2002.

3º. A suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas no ámbito do solo urbano afectado polas Ordenanzas de edificación pechada e pechada intensiva conforme ao disposto e cos efectos a que se refire o artigo 77 da vixente lei 9/2002.

Pasada a votación a cuestión obtén tres votos a favor (dos membros do Grupo municipal Socialista) e 9 en contra (dos membros dos Grupos municipais Popular e do BNG) e unha abstención (do membro da Corporación non adscrito), e polo tanto non aprobándose a proposta sometida a votación.

E sen máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e quince minutos por parte do Sr.Alcalde se levanta a sesión ,estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,